

DECRETO

Expediente núm.: 12776/2025

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Vista a providencia da concelleira de Concellería de Réxime Interno, Servizos Sociais e Discapacidade de 4 de novembro de 2025.

Vista a resolución do 28 outubro do 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración foille concedida a este Concello subvención equivalente a parte dos custos salariais dunha persoal traballadora contratada máis a cotización á Seguridade Social derivada do devandito salario, con CNO 3129 para a realización de traballos de apoio á Unidade de Medio Ambiente realizando tarefas de Técnico/a de Medio Ambiente.

Visto o informe de Secretaría ó efecto que figura no expediente.

Vista a proposta de resolución PR/2025/6613 de 5 de novembro de 2025.

P.D.Decreto de 21.06.2023- A 1ª Tenente de Alcalde

RESOLUCIÓN

A.-Aprobar a competencia de avocar o proceso selectivo URXENTE DUN / DUNHA TÉCNICO (GC 2) CNO 3129 DURANTE NOVE MESES A XORNADA COMPLETA, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, NO MARCO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A ESTE CONCELLO PARA DESTINADAS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA COLABORACIÓN CON ENTIDADES LOCAIS, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021 - 2027

B.- APROBAR AS BASES DO PROCESO SELECTIVO URXENTE DUN / DUNHA TÉCNICO (GC 2) CNO 3129 DURANTE NOVE MESES A XORNADA COMPLETA, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, NO MARCO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A ESTE CONCELLO PARA DESTINADAS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS



NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA COLABORACIÓN CON ENTIDADES LOCAIS, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021 - 2027

1.- OBJECTO DA CONVOCATORIA E NORMATIVA APLICABLE

É obxecto da convocatoria a contratación de dun/ dunha traballador a desempregado con carácter temporal (9 meses a xornada completa) mediante a modalidade de contrato temporal vinculado a políticas activas de emprego ó amparo da subvención concedida a este concello destinada á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais, co financiadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 - 2027, nº expediente TR350E-2025-00000094-00, comunicada por Resolución do 28 outubro do 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

A presente selección regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido; no RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, no Real Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Real Decreto /decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables, así como, na Orde do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 - 2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025

FUNCIÓNS. O persoal seleccionado realizará funcións de apoio á Unidade de Medio Ambiente realizando tarefas de Técnico/a de Medio Ambiente con CNO 3129



REMUNERACIÓN

A2	
SOLDO	1.152,97 €
CD	744,49 €
CE	746,43 €
PE	388,63 €
TOTAL	3.032,52 €

2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos neste proceso de selección as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos **tanto no momento da selección coma no momento de sinatura do contrato**:

a) Estar inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia (S.E.P.G) como persoas demandantes non ocupadas.

b) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación do organismo competente.

d) Ter cumpridos 18 anos e non exceder de 29 anos de idade.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Ser preseleccionado/a polo S.E.P.G. e estar inscrito/a como beneficiario/a do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia

g) Non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior á data da sinatura do contrato.

As persoas aspirantes que fixeran valer a súa condición de persoa con discapacidade deberán presentar certificado que acredite tal condición, que deberá ser efectuado polo



Órgano competente nos termos desenvolvidos regulamentariamente, así como, certificado acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

3.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

PROBA ORAL.

Os/as aspirantes preseleccionados polo SEPG serán convocados para a realización da proba do proceso selectivo mediante chamada telefónica o telefono que conste nos currículos remitidos.

Faranse dous intentos para tratar de localizar os/as aspirantes, dos cales se deixará debida constancia en dilixencia asinada polo/a funcionario/a encargado.

Na mencionada chamada informarase ó/a aspirante preseleccionado/a polo SEPG de que deben acudir ás dependencias municipais para recoller notificación persoal da convocatoria, no prazo indicado ó efecto, máximo os dous días hábiles seguintes a recibir a chamada.

Advértese ós/as aspirantes que de non ser localizados telefonicamente, e ou, non acudir a recoller a notificación persoal as dependencias municipais, conlevará os prexuízos que poida depararlles, sen responsabilidade algunha ó efecto por parte deste Concello.

O tribunal realizará a proba oral os/as aspirantes, formulándolles cuestións relacionadas coas materias adxuntas.

A proba realizarase mediante a contestación a un formulario de dez preguntas previamente realizado polo tribunal, que conterá cuestións relativas tanto as materias que, a continuación, se relacionan como as funcións propias das prazas a desenvolver.

Co obxecto de garantir a igualdade de oportunidades e a transparencia do proceso, das contestacións feitas polos aspirantes ás preguntas realizadas polo tribunal tomaráse nota escrita que se xuntará ao expediente.

Valorarase o nivel de coñecementos e a claridade na exposición dos mesmos, así como a capacidade e disposición para o desempeño das funcións obxecto da selección.

A puntuación máxima será de 10 puntos.

MATERIAS SOBRE AS QUE VERSARÁ A PROBA ORAL.

TEMARIO.

1. Política Comunitaria en materia de Medio Ambiente: Programas Comunitarios de acción en materia de Medio Ambiente.
2. Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental: Principios e disposicións xerais. Procedemento de avaliación de impacto ambiental de proxectos.



3. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: Disposicións xerais. Réxime urbanístico do solo. Intervención na edificación e uso do solo e disciplina urbanística.
4. Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia. Disposicións xerais. Competencias das Administracións Públicas. Clasificación e réxime xurídico dos montes. A propiedade forestal. Da planificación e xestión forestal sostible. Recursos forestais das infraestruturas forestais.
5. Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes: Disposicións xerais. Clasificación e réxime xurídico dos montes. Conservación e protección de montes. Réxime sancionador.
6. Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
7. Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común de Galicia: Disposicións xerais, réxime xurídico e organización das comunidades. Decreto 260/1992, de 4 de septiembre, polo que se aproba o Regulamento de execución da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común de Galicia: Os actos de disposición.
8. Plan Sectorial de xestión de residuos municipais de Galicia 2030: Liñas Estratéxicas e medidas para a consecución de obxectivos.
9. Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia. Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular: Disposicións e Principios xerais. Instrumentos da política de residuos. Os vehículos abandonados.
10. Xestión e tratamento de biorresiduos. Compostaxe: Fases da compostaxe e factores que inflúen no proceso. Materiais. Incidencias e solucións. Sistemas de compostaxe. Programa de compostaxe no Concello de Vilaboa.
11. Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais: Disposicións xerais. Fomento da protección animal. Tenza e convivencia responsable con animais.
12. Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia: Disposicións de carácter xeral . Da Administración hidráulica de Galicia. Do abastecemento de poboacións e o saneamento e depuración das augas residuais. Do réxime especial de protección da calidade das augas das rías de Galicia. Decreto 141/2012, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia. Lei 1 /2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga: Disposicións xerais da xestión do ciclo integral da auga. Medidas para a mellora del ciclo integral da auga e da prestación dos servizos asociados.
13. Tratamento de augas para consumo humano. Necesidade de tratamento. Pre tratamentos, tratamentos primarios, secundarios e terciarios.



14. Limpeza viaria: modelos de xestión; formas de varrido ou limpeza e maquinaria aplicable.

O tribunal entrevistará os /as aspirantes, formulándolles cuestións relacionadas co temario adxunto.

Valorarase o nivel de coñecementos e a claridade na exposición dos mesmos, así como a capacidade e disposición para o desempeño das funcións obxecto da selección.

A puntuación máxima será de 10 puntos.

No caso de empate e non resultar aplicable a lei de igualdade efectiva , resolverase mediante sorteo público.

4.- TRIBUNAL

O Órgano de Selección valorará as probas do proceso selectivo. A súa composición será colexiada e deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderá, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O órgano de selección estará composto polo presidente/a, o secretario/a e catro vogais así como os respectivos suplentes, será nomeado por resolución da Alcaldía.

Todos os membros do órgano de selección deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior a Grao e ser persoal laboral fixo ou funcionario de carreira ó servizo da Administración Local ou Autonómica.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo exercerse esta en representación ou por conta de ninguén.

A Presidencia coordinará a realización das probas e do proceso selectivo e dirimirá os posibles empates nas votacións co seu voto de calidade.

Para a válida constitución do Órgano de Selección requirirase a presenza do Presidente e o Secretario ou, se é o caso, de quen os substitúa, e da metade, polo menos, dos seus vogais, titulares ou suplentes, indistintamente. O Tribunal poderá aos efectos de axilizar o procedemento de selección, establecer diversas comisións, para realizar a entrevista. Corresponderalle dilucidar as cuestións expostas durante o desenvolvemento do proceso selectivo, velar polo seu bo desenvolvemento, cualificar as probas establecidas e resolverá cantas incidencias se presenten ou xurdan da aplicación das presentes bases.

O órgano de selección, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para todas ou algunhas das probas, asesorando ao órgano de selección exclusivamente no exercicio da súa especialidade técnica, actuando con voz e sen voto.



Os membros do órgano de selección deberán de absterse cando concorran as circunstancias previstas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas.

Os aspirantes poderán recusalos cando concorran algunhas de ditas circunstancias ou cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso á función pública nos cinco anos anteriores á convocatoria, de conformidade co disposto na citada lei.

As presentes bases interpretaranse no sentido finalista que mellor garanta a preservación dos principios de igualdade, mérito e capacidade.

Contra os actos e decisións do órgano de selección, poderase interpor polo/a interesado/a recurso de alzada contra o Alcalde-Presidente, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

Abstención e Recusación.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 desta lei. Actuación do Tribunal.

O Tribunal constituirase na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partires da sesión de constitución, o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas e ás bases xerais e específicas reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases xerais e nas específicas, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.



En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os ditos asesores unicamente a presta la súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto.

5. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Visto os resultado do exercicio da fase de oposición, o tribunal formulará proposta de contratación, sen que esta poda superar o número de postos convocados, das persoas coa maior puntuación, remitindo dita proposta a alcaldía.

A contratación será efectuada polo Sr. Alcalde asinándose o correspondente contrato laboral.

A relación dos candidatos que serán contratados se cumpren o previsto na base seguinte, asinada pola Alcaldía, será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal (<http://www.monfortedelemos.es/>) .

Os restantes candidatos, pola orde decrecente da puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o seleccionado cese no seu posto de traballo antes do remate do contrato e polo tempo que reste para o cumprimento do mesmo.

Igualmente poderá formarse, se a Corporación o estima conveniente, unha bolsa de aspirantes para ser contratados en futuros programas se resultan preseleccionados.

6.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN/ RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

As persoas aspirantes que resulten seleccionados e propostas polo Tribunal deberán presentar ó día seguinte o da proposta de contratación os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria. A xustificación das condicións dos aspirantes acreditarase coa seguinte documentación:

- 1.Fotocopia compulsada do DNI ou NIE en vigor e da tarxeta da Seguridade Social.
- 2.Tarxeta de demandante de emprego e documento acreditativo de ser beneficiario/a do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia.
- 3.Certificado de conta bancaria.
- 4.Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza xudicial



filme, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade para a función pública de conformidade coa lexislación vixente, así como, de non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior á data da sinatura do contrato.

5.Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das tarefas propias da praza.

7.- NORMATIVA E IMPUGNACIÓN.

No non sinalado nas presentes Bases de selección estarase ó previsto na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose ós órganos competentes da Xurisdición Contencioso-administrativa para dirimir as controversias que poidan producirse na aplicación destas bases. Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados/as lexitimados/as os seguintes recursos:

Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no taboleiro de anuncios. Se transcorra un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpoñer recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de seis meses.

Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no taboleiro de anuncios.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015 de 1 de outubro e da lexislación correspondente.

C: Publicar as bases integras no Taboleiro de Anuncios e páxina web do Concello.

D.- Solicitar o servizo de emprego a oferta de emprego prevista nas bases, e convocar ás persoas preseleccionadas polo SEPG para o próximo día 23 DE NOVIEMBRE ás 10:30 horas, na Sala de Xunta de Goberno do concello de Monforte de Lemos, sito na Praza Campo de San Antonio s/n Monforte de Lemos (Lugo)

Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas de emprego, no proceso de selección seguirase os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas.



As persoas mozas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relación de postos de traballo e consecuentemente non será precisa oferta de emprego pública previa.

E: Notificar á correspondente oficina de emprego a selección definitiva das persoas mozas, ben por correo electrónico ou a través da sede electrónica, e o SEPG proporcionará á esta entidade local beneficiaria un código identificador da oferta que se deberá empregar na comunicación obrigatoria de contratación a través da aplicación **contrat@** na data que ditamine o Alcalde na resolución da contratación oportuna.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

